

APRENDIZ

A constatación da perda chega sempre a destempo, a excuso, para ferirnos cun dobre gume: a dor irrenunciable que a desposesión conleva en si mesma e, simultaneamente, coa imposibilidade de recuperar aquilo que perdemos. Deste sentimento nace *Caderno a destempo*, a obra poética que Franck Meyer dá ó prelo dentro da colección Libros da Frouma e que constitúe o seu segundo poemario despois daquel *pêle-mêle fel* de tendencia erótico-amorosa. Agora o ton distánciase do verso celebrativo e gozoso do volume inicial, aínda que a pulsión erótica tamén apareza nesta obra, para abrirse a novas realidades e por iso o libro comeza relembando “*a idea de algo que se abre/ un inicio/ unha entrada*” con todo o atractivo que isto ten para o ser e co medo implícito por se a aventura remata en ferida. Neste tránsito, un elemento estraño parece apegarse ó eu e recórdarlle esa perda anterior: a lingua. Trátase dunha “*lingua/ extraña que xa é algo miña/ búscame ela/ parece que non teño que facer nada*” pois ten vontade propia e imponse sobre a consciencia de non ser adecuada xa naquel momento por ter sido substituída por unha linguaxe diferente. Este feito vital -e mesmo autobiográfico, como o propio autor recoñecería no momento da presentación do volume- acaba obrigando ó eu a asumir a realidade do exilio, “*dos grandes conceptos/ das palabras ocas/ (...) da necesidade esgotadora/ de definirse cada mañá de novo/ de non poder dar nada por suposto*”. É dicir, do proceso -aínda en acto- da construción dunha nova identidade que debe afrontar.

Nesta tesitura, o ser opta por dar entrada no verso a aquila que custodia o “*botín do desexo*” pero, no encontro erótico de ambos os dous, nada parece tan certo como a consciencia da propia e irremediable soidade: “*nada hai detrás/ no bico a sensación da propia caveira/ só ti/ a soas contigo*”. O tempo confórmase entón como un elemento primordial pois a súa demorada lentitude, o seu demoledor contacto, acaban por ancorar ó eu a unha vida estática e baleira. Nada se move e os días “*oblícuos*” doen no seu demorarse mentres as dúbidas afloran e o ser sente a desposesión do máis preciso. Así, “*a túa casa/ non é unha morada/ nin casa/ nin túa*”, dise a si mesmo nunha crúa constatación cando logo se afirma que “*nalgures/ hai que estar/ para ser*”. Por iso vai medrando no eu a tristeza de quen se sente radicalmente estraño, de quen sabe que chegou a destempo ós sitios precisos e leva “*dentro do peito/ unha caixa de cartón/ mollada como o interior/ dos zapatos/ no día encharcado*”. Este fondo desacougo irán mimando ata destruílo por canto o amor non é unha forza que lle sirva de alicerce ó ser fronte ós embates do tempo. Pola contra, o amor desaparece do mapa deixando atrás a casa que non existe e non acolle, as dúbidas e o medo. Só, o ser emprende un camiño que o levará a outros lugares, baleiro de

equipaxe, mentres traza os seus persoais mapas da derrota, marcando nas estacións as chegadas a destempo. Así, o caderno de ruta desta viaxe engrósase con reflexións e sentimentos como unha *“caixa de resonancia que zumba/ tralos ollos asustados”* porque, aínda tomando a dirección correcta, *“seguimos vulnerables/ salferidos de dúbidas”* como un aprendiz inseguro perante a vida que lle chega sen avisar.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 68, xaneiro 2003, p.84